

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

As deputadas **Yolanda Díaz Pérez** e **Eva Solla Fernández**, integrantes do **grupo parlamentario da Alternativa Galega da Esquerda (EU-ANOVA)**, ao abeiro do recollido no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **pregunta para a súa resposta oral no Pleno**, referida aos datos de destrución de emprego industrial.

A enquisa industrial de empresas 2014 publicada polo Instituto Nacional de Estatística (INE) reflicte o éxito das políticas desindustrializadoras dos gobernos Núñez Feijóo; éxito que temos que costear a cidadanía galega en forma de destrución de emprego e mingua na xeración de riqueza social.

A cifra de negocios desagregada por comunidades autónomas deixa a Galicia cunha facturación por importe de 36.242 millóns de euros, un -0,7% menos que no 2013. Moi alonxada das cinco comunidades máis industriais (Catalunya, Andalucía, País Valencià, Euzkadi e Madrid). Castela e León manexa unha facturación superior á galega se atendemos á industria manufactureira sen petróleo. Cifra que acentúa a diverxencia coa media española, que con respecto ao exercicio 2013 crece nun 1,7%.

As persoas ocupadas en Galicia caen a 127.300, o rexistro menor do que se garda constancia e 5.820 postos de traballo menos que hai un ano. En particular, no sector do metal a perda de empregos foi de 862.

Polo referido, o grupo parlamentario da AGE formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral no Pleno:

- Que explicación ten o goberno galego para presentar o peor dato de emprego industrial da nosa historia estatística?

En Compostela, a 17 de decembro do 2015.



Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asdo. Eva Solla Fernández

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 17/12/2015 11:40:55

Yolanda Díaz Pérez na data 17/12/2015 11:40:58